

**13022** *LEI ORGÁNICA 7/2003, de 30 de xuño, de medidas de reforma para o cumprimento íntegro e efectivo das penas.* («BOE» 156, do 1-7-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### I

A Constitución, nos seus artigos 9.3 e 25, establece os principios de legalidade e tipicidade como fundamentos do ordenamento xurídico penal, principios que a xurisprudencia do Tribunal Constitucional concretou e desenvolveu de maneira moi clara. Ámbolos dous principios teñen como finalidade garantir a seguridade xurídica dos cidadáns, á que fai expresa mención tamén o artigo 9.3 da Constitución.

De acordo con eles, o cidadán ten dereito a saber con certeza xurídica qué é delicto ou falta e qué non o é. O mesmo dereito ten a saber cá é a pena que lle corresponde á acción tipificada na norma penal como delicto ou falta.

Consecuencia lóxica destes dereitos e esixencia necesaria do principio de seguridade xurídica que rexe o noso ordenamento, é o dereito do cidadán a coñecer con certeza cá é a forma na que se van aplicar as penas, a saber, en definitiva, en qué se vai traducir na práctica a pena ou sanción imposta.

A realidade diaria e a experiencia poñen de manifesto cómo no cumprimento das penas existen amplos ámbitos de discrecionalidade, ámbitos variables nos que resulta oportuno, segundo a mellor doutrina, establecer regras para facer un prognóstico máis certo da pena que hai que cumprir.

Esta lei orgánica dirixese a perfecciona-lo ordenamento xurídico co fin de concreta-la forma do cumprimento das penas para conseguir que se leve a cabo de maneira íntegra e efectiva e, en consecuencia, dar maior protagonismo ó principio de seguridade xurídica nesta materia, sempre desde o escrupuloso respecto ós principios contidos no artigo 25 da Constitución.

### II

Pero, ademais de asegurar este dereito, a lei persegue un claro obxectivo, conforme coa súa propia natureza penal: o de lograr unha loita máis efectiva contra a criminalidade. Como sinalou autorizada doutrina penal, o maior freo dos delitos non é a dureza das penas, senón a súa infalibilidade, de modo que a certeza dun castigo, aínda que este sexa moderado, terá máis efecto có temor doutro máis severo unido á esperanza da impunidad ou do seu incumprimento.

A sociedade demanda unha protección máis eficaz fronte ás formas de delincuencia máis graves, en concreto, os delitos de terrorismo, os procedentes do crime organizado e os que revisten unha gran perigosidade, protección que o Estado de dereito non só pode senón que ten a obriga de proporcionar. A flexibilidade no cumprimento das penas e os beneficios penitenciarios teñen a súa razón de ser no fin de reinserción e reeducación do delincente constitucionalmente consagrado, pero,

precisamente por iso, a lexislación debe evitar que se convertan en meros instrumentos ó servizo dos terroristas e dos máis graves delincentes para lograr un fin ben distinto.

### III

En primeiro lugar, refórmase o artigo 36 do Código penal para introducir no noso ordenamento o coñecido como «período de seguridade» noutros dereitos europeos, o cal, en síntese, significa que en determinados delitos de certa gravidade o condenado non poderá acceder ó terceiro grao de tratamento penitenciario ata que teña cumprida a metade da pena imposta.

Esta reforma procede das propostas elevadas pola comisión técnica para o estudo da reforma do sistema de penas. Considérase necesaria a introducción desta figura no noso ordenamento penal, que serve de ponte entre este ordenamento e o penitenciario, xa que, á hora de determina-la proporcionalidade das penas, a súa concreta extensión e a súa adecuación ós fins de prevención xeral e especial, non se poden facer propostas á marxe da lexislación penitenciaria. En efecto, o sistema de progresión de graos, permisos, réxime aberto e concesión de liberdade condicional pode facer que a pena prevista polo Código penal e fixada na sentenza quede moi distante da efectivamente cumprida.

Co fin de resolver esta situación, cando menos no tocante ós delitos de maior gravidade, establécese no artigo 36 do Código penal a precisión de que, cando se imponha unha pena de prisión superior a cinco anos, o condenado non poderá ser clasificado no terceiro grao ata ter cumprida a metade da pena imposta. Iso non obstante, introdúcese a previsión de que o xuíz de vixilancia poderá acordar ben o seu mantemento, ben a aplicación do réxime xeral de cumprimento.

### IV

En segundo lugar, refórmase o artigo 76 do Código penal para modifica-lo límite máximo de cumprimento das penas elevándoo a 40 anos para os supostos en que se cometan dous ou máis delitos de terrorismo, estando algún deles castigado con pena de prisión superior a 20 anos, o que encaixa nos casos en que se cometen atentados terroristas causando a morte de persoas.

Igualmente, elévase a 40 anos o límite máximo de cumprimento das penas nos supostos de que se cometeran dous ou máis delitos de especial gravidade, castigados pola lei con máis de 20 anos de prisión.

A reforma supón amplia-lo límite máximo de cumprimento de penas a 40 anos, desde o respecto escrupuloso ó principio de que o cumprimento de tódalas penas correspondentes a tódolos delitos cometidos polo mesmo autor podería privar nalgúns supostos de efectos os principios constitucionais de cumprimento das penas. Sen embargo, tamén é certo que existen determinados delitos que pola súa especial gravidade, a natureza do ben xurídico lesionado, a reincidencia con que os cometen os seus autores, así como polo feito de que poidan ser levados a cabo por bandas organizadas co único fin de subverte-la orde constitucional, alterar gravemente a paz pública ou atemorizar con estes fins os habitantes dunha poboación ou os membros dun colectivo social, político ou profesional, esixen unha resposta máis contundente do ordenamento xurídico penal.

Máis aínda cando, na práctica, as regras que o Código penal estableceu co fin constitucional de dar cumpri-

mento a principios xerais do ordenamento xurídico penal se están a utilizar, precisamente, para vulneralos ditos principios, converténdose en instrumentos que os terroristas utilizan no seu beneficio na súa constante vulneración das regras e dos principios do Estado de dereito.

## V

A lei reforma o artigo 78 do Código penal para que os beneficios penitenciarios, os permisos de saída, a clasificación en terceiro grao e o cómputo de tempo para a liberdade condicional nos supostos de crimes especialmente graves se refiran sempre á totalidade das penas impostas nas sentencias.

Trátase de activar unha resposta penal máis efectiva fronte ós autores de crimes moi graves, que ademais cometeron unha pluralidade de delitos, é dicir, fronte a aqueles que se encontren nos límites máximos sinalados polo artigo 76 do Código penal (25, 30 ou 40 anos de cumprimento efectivo de condena a pena de prisión) e sempre que a pena que hai que cumprir resulte inferior á metade da suma total das impostas. Cando non cheguen a entrar en xogo estes límites máximos, debe manterse plenamente a facultade decisoria do xuíz ou tribunal xa sinalada ó principio.

Con esta regra e fronte a supostos de condenas a 100, 200 ou 300 anos, o delincuente cumprirá na práctica de forma íntegra e efectiva o límite máximo de condena.

Ademais, incorpóranse igualmente os períodos mínimos de cumprimento efectivo das condenas que permitirían acceder ós beneficios penitenciarios, sempre que concorran as condicións que con carácter xeral se precisan na lei. Nos casos de delitos de terrorismo ou cometidos no seo de organizacións criminais, o xuíz de vixilancia penitenciaria poderá acorda-la concesión dun terceiro grao cando quede por cumprir unha quinta parte do límite máximo de cumprimento da condena imposta, e poderá acorda-la concesión da liberdade condicional cando quede por cumprir unha oitava parte do mencionado límite.

## VI

Modifícanse, igualmente, no Código penal os artigos 90 e 91, relativos á liberdade condicional. Con esta modificación trátase de mellorar tecnicamente os supostos de outorgamento da dita liberdade condicional e a súa adaptación ás distintas modalidades delictivas.

Así, refórzase a necesidade de valorar no seu conxunto tódalas circunstancias ás que fai referencia o artigo antes de adopta-la decisión de concede-la liberdade condicional. Deste modo, o cumprimento das tres cuartas partes da condena non é o único requisito determinante, senón que debe ser valorado xunto coas demais circunstancias recollidas no precepto. Igualmente, introdúcese o criterio da satisfacción das responsabilidades civís nos supostos e nos termos previstos na Lei orgánica xeral penitenciaria. Por último, tamén se explicitan as circunstancias que deben considerarse á hora de concede-la liberdade condicional nos casos de delitos de terrorismo e criminalidade organizada.

Con todo iso conséguese dotar dunha maior seguridade xurídica a virtualidade deste beneficio penitenciario.

Así mesmo, modifícase o artigo 93 do Código penal, co fin de que no caso de incumprimento das condicións e regras de conducta que permitiron obte-la liberdade condicional, cando se trate de delitos de terrorismo,

o penado cumpra o tempo que falte do cumprimento de condena con perda do tempo pasado en liberdade condicional.

## VII

Introdúcese un novo punto na disposición adicional quinta da Lei orgánica do poder xudicial, no que se establece o efecto suspensivo do recurso contra resolucións en materia de clasificación de penados ou concesión de liberdade provisional para evita-la posibilidade de que a excarceración se produza sen a intervención do órgano xurisdiccional ad quem, nos casos de delitos graves, para evitar que unha excarceración inmediata por unha decisión de liberdade condicional faga ineficaz a resolución que en virtude dun recurso de apelación poida dictarse.

Non se descoñece con esta previsión a doutrina do Tribunal Constitucional sobre a eficacia inmediata das resolucións que acordan a liberdade provisional. Sen embargo, o suposto regulado é distinto, pois non se parte dunha situación de liberdade que quedou interrompida por unha decisión xudicial que non recaeu sobre o fondo, senón dunha situación de cumprimento de pena por resolución xudicial de condena que pode verse interrompida por un cambio no réxime de aplicación da pena. A diferenza é que neste caso a falta de liberdade é a consecuencia inherente á pena imposta e a liberdade supón unha excarceración anticipada como consecuencia dunha progresión de grao ou un acordo de liberdade condicional. Por outro lado, co fin de asegurar que o efecto suspensivo do recurso dure o menos posible, prevese que o órgano ad quem poida pronunciarse sobre a posta en liberdade e que a tramitación do recurso sexa preferente e urxente.

## VIII

Na Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, introdúcese dous novos puntos no artigo 72, en virtude dos cales a clasificación ou progresión ó terceiro grao de tratamento requirirá, ademais dos requisitos previstos pola lei, que o penado satisficiera a responsabilidade civil derivada do delito e que mostre signos inequívocos de ter abandonado a actividade terrorista, colaborando activamente coas autoridades na loita contra o terrorismo.

O primeiro punto esixe a satisfacción da responsabilidade civil como requisito para alcanza-lo terceiro grao, tendo en conta que o prognóstico favorable de reinserción social que preside a concesión deste grao de tratamento debe considera-la conducta efectivamente observada polo penado orientada a restituí-lo subtraído, reparalo dano e indemnizalos prexuízos materiais e morais, así como as garantías de que as satisfaga co patrimonio que puidese chegar a adquirir entremetres non teña satisfeito a súa responsabilidade.

Esta esixencia xustifícase plenamente naqueles delitos que lle permitiron ó culpable obter un importante enriquecemento ilícito e non se satisfán as responsabilidades pecuniarias fixadas en sentención por causa de ter ocultado o penado o seu patrimonio. Por iso, aplícase esta norma, singularmente, cando o interno fose condenado pola comisión de delitos contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica que revestisen notoria gravidade e prexudicasen unha xeneralidade de persoas, por delitos contra os dereitos dos traballadores, por delitos de terrorismo, por delitos contra a Facenda Pública e contra a Seguridade Social, así como delitos contra a Administración Pública comprendidos nos capítulos V ó IX do título XIX do libro II do Código penal.

No segundo punto, a clasificación no terceiro grao penitenciario no caso de penados por delitos de terrorismo ou cometidos no seo de organizacións criminais esixe que os terroristas satisfíxesen a súa responsabilidade civil nos termos do punto anterior, así como que abandonasen a actividade terrorista e colaborasen activamente coas autoridades para a obtención de probas ou a identificación doutros terroristas, nos termos previstos na Decisión marco do Consello do 13 de xuño de 2002, sobre a loita contra o terrorismo.

## IX

Dentro da mesma filosofía de garanti-la seguridade xurídica no cumprimento efectivo do contido das sentencias penais, refórmase o artigo 989 da Lei de axuízamento criminal para dota-la Administración de xustiza de máis medios legais que lle permitan unha eficaz execución das sentencias.

Para tal fin, os xuíces e tribunais poderanlle encomendar á Axencia Estatal de Administración Tributaria ou, se é o caso, ós organismos tributarios das facendas forais as actuacións de investigación patrimonial necesarias para pór de manifesto as rendas e o patrimonio presentes e que vaia adquirindo no futuro o condenado mentres non satisfaga a responsabilidade civil determinada en sentenza.

## X

Por último, mediante a disposición transitoria única, a lei establece que os criterios obxectivos de acceso ós beneficios penitenciarios se apliquen ós que cumpren no momento da súa entrada en vigor penas de prisión por delitos de terrorismo sen que se modifiquen, nestes casos, os prazos e as demais condicións polas que ata ese momento se rexían as condicións dos ditos beneficios.

### **Artigo primeiro.** *Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

Un. Modifícase o artigo 36 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que terá a seguinte redacción:

#### «Artigo 36.

1. A pena de prisión terá unha duración mínima de seis meses e máxima de 20 anos, salvo o que excepcionalmente dispoñan outros preceptos deste código.

O seu cumprimento, así como os beneficios penitenciarios que supoñan acurtamento da condena, axustaranse ó disposto nas leis e neste código.

2. Cando a duración da pena de prisión imposta sexa superior a cinco anos, a clasificación do condenado no terceiro grao de tratamento penitenciario non poderá efectuarse ata o cumprimento da metade da pena imposta.

O xuíz de vixilancia, logo de prognóstico individualizado e favorable de reinserción social e valorando, se é o caso, as circunstancias persoais do reo e a evolución do tratamento reeducador, cando non se trate de delitos de terrorismo da sección segunda do capítulo V do título XXII do libro II deste código ou cometidos no seo de organizacións criminais, poderá acordar razoadamente, oídos o Ministerio Fiscal, Institucións Penitenciarias e as demais partes, a aplicación do réxime xeral de cumprimento.»

Dous. Modifícase o artigo 76 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que terá a seguinte redacción:

#### «Artigo 76.

1. Non obstante o disposto no artigo anterior, o máximo de cumprimento efectivo da condena do culpable non poderá exceder do triple do tempo polo que se lle impoña a máis grave das penas en que incorrese, declarando extinguidas as que procedan desde que as xa impostas cubran o dito máximo, que non poderá exceder de 20 anos. Excepcionalmente, este límite máximo será:

a) De 25 anos, se o suxeito foi condenado por dous ou máis delitos e algún deles está castigado pola lei con pena de prisión de ata 20 anos.

b) De 30 anos, se o suxeito foi condenado por dous ou máis delitos e algún deles está castigado pola lei con pena de prisión superior a 20 anos.

c) De 40 anos, se o suxeito foi condenado por dous ou máis delitos e, polo menos, dous deles están castigados pola lei con pena de prisión superior a 20 anos.

d) De 40 anos, se o suxeito foi condenado por dous ou máis delitos de terrorismo da sección segunda do capítulo V do título XXII do libro II deste código e algún deles está castigado pola lei con pena de prisión superior a 20 anos.

2. A limitación aplicarase aínda que as penas se impuxesen en distintos procesos se os feitos, pola súa conexión ou o momento da súa comisión, se poderían ter xulgado nun só.»

Tres. Modifícase o artigo 78 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que terá a seguinte redacción:

#### «Artigo 78.

1. Se como consecuencia das limitacións establecidas no punto 1 do artigo 76 a pena que hai que cumprir resultase inferior á metade da suma total das impostas, o xuíz ou tribunal sentenciador poderá acordar que os beneficios penitenciarios, os permisos de saída, a clasificación en terceiro grao e o cómputo de tempo para a liberdade condicional se refiran á totalidade das penas impostas nas sentencias.

2. O dito acordo será preceptivo nos supostos previstos nas alíneas a), b), c) e d) do punto 1 do artigo 76 deste código, sempre que a pena que hai que cumprir resulte inferior á metade da suma total das impostas.

3. Nestes casos, o xuíz de vixilancia, logo de prognóstico individualizado e favorable de reinserción social e valorando, se é o caso, as circunstancias persoais do reo e a evolución do tratamento reeducador, poderá acordar razoadamente, oídos o Ministerio Fiscal, Institucións Penitenciarias e as demais partes, a aplicación do réxime xeral de cumprimento. De se tratar de delitos de terrorismo da sección segunda do capítulo V do título XXII do libro II deste código, ou cometidos no seo de organizacións criminais, e atendendo á suma total das penas impostas, a anterior posibilidade só será aplicable:

a) Ó terceiro grao penitenciario, cando quede por cumprir unha quinta parte do límite máximo de cumprimento da condena.

b) Á liberdade condicional, cando quede por cumprir unha oitava parte do límite máximo de cumprimento da condena.»

Catro. Modifícase o artigo 90 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 90.

1. Establécese a liberdade condicional na pena privativa de liberdade para aqueles sentenciados nos que concorran as circunstancias seguintes:

a) Que se encontren no terceiro grao de tratamento penitenciario.

b) Que estean extinguidas as tres cuartas partes da condena imposta.

c) Que observaran boa conducta e exista verbo dos sentenciados un prognóstico individualizado e favorable de reinserción social, emitido no informe final previsto no artigo 67 da Lei orgánica xeral penitenciaria.

Non se entenderá cumprida a circunstancia anterior se o penado non satisfixo a responsabilidade civil derivada do delito nos supostos e conforme os criterios establecidos polo artigo 72.5 e 6 da Lei orgánica xeral penitenciaria.

Así mesmo, no caso de persoas condenadas por delitos de terrorismo da sección segunda do capítulo V do título XXII do libro II deste código, ou por delitos cometidos no seo de organizacións criminais, entenderase que hai prognóstico de reinserción social cando o penado mostre signos inequívocos de ter abandonado os fins e os medios da actividade terrorista e ademais teña colaborado activamente coas autoridades, ben para impedi-la produción doutros delitos por parte da banda armada, organización ou grupo terrorista, ben para atenuar os efectos do seu delito, ben para a identificación, captura e procesamento de responsables de delitos terroristas, para obter probas ou para impedi-la actuación ou o desenvolvemento das organizacións ou asociacións ás que teña pertencido ou coas que teña colaborado, o que se poderá acreditar mediante unha declaración expresa de repudio das súas actividades delictivas e de abandono da violencia e unha petición expresa de perdón ás vítimas do seu delito, así como polos informes técnicos que acrediten que o preso está realmente desvinculado da organización terrorista e do contorno e actividades de asociacións e colectivos ilegais que a rodean e a súa colaboración coas autoridades.

2. O xuíz de vixilancia, ó decreta-la liberdade condicional dos penados, poderalles impor motivadamente a observancia dunha ou varias das regras de conducta ou medidas previstas nos artigos 83 e 96.3 deste código.»

Cinco. Modifícase o artigo 91 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 91.

1. Excepcionalmente, cumpridas as circunstancias das alíneas a) e c) do punto 1 do artigo anterior, e sempre que non se trate de delitos de terrorismo da sección segunda do capítulo V do título XXII do libro II deste código, ou cometidos no seo de organizacións criminais, o xuíz de vixilancia peni-

tenciaria, co previo informe do Ministerio Fiscal, Institucións Penitenciarias e as demais partes, poderalles concede-la liberdade condicional ós sentenciados a penas privativas de liberdade que extinguisen as dúas terceiras partes da súa condena, sempre que merezan o devandito beneficio por teren desenvolvido continuamente actividades laborais, culturais ou ocupacionais.

2. Por proposta de Institucións Penitenciarias e co previo informe do Ministerio Fiscal e das demais partes, cumpridas as circunstancias das alíneas a) e c) do punto 1 do artigo anterior, o xuíz de vixilancia penitenciaria poderá adiantar, unha vez extinguida a metade da condena, a concesión da liberdade condicional en relación co prazo previsto no punto anterior, ata un máximo de 90 días por cada ano transcorrido de cumprimento efectivo de condena, sempre que non se trate de delitos de terrorismo da sección segunda do capítulo V do título XXII ou cometidos no seo de organizacións criminais. Esta medida requirirá que o penado teña desenvolvido continuamente as actividades indicadas no punto anterior e que acredite, ademais, a participación efectiva e favorable en programas de reparación ás vítimas ou programas de tratamento ou desintoxicación, de se-lo caso.»

Seis. O actual artigo 93 do Código penal convértese en punto 1, e adiciónanse os puntos 2 e 3, coa seguinte redacción:

«2. No caso de condenados por delitos de terrorismo da sección segunda do capítulo V do título XXII do libro II deste código, o xuíz de vixilancia penitenciaria poderá solicita-los informes que permitan acreditar que subsisten as condicións que permitiron obte-la liberdade condicional. Se neste período de liberdade condicional o condenado delinquire, non observase as regras de conducta ou incumprise as condicións que lle permitiron acceder á liberdade condicional, o xuíz de vixilancia penitenciaria revogará a liberdade concedida, e o penado reingresará en prisión no período ou grao penitenciario que corresponda.

3. No suposto previsto no punto anterior, o penado cumprirá o tempo que falte de cumprimento da condena con perda do tempo pasado en liberdade condicional.»

**Artigo segundo.** *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Un. Engádeselle un novo punto 5 á disposición adicional quinta da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, coa seguinte redacción:

«5. Cando a resolución obxecto do recurso de apelación se refira a materia de clasificación de penados ou concesión da liberdade condicional e poida dar lugar á excarceración do interno, sempre e cando se trate de condenados por delitos graves, o recurso terá efecto suspensivo que impedirá a posta en liberdade do condenado ata a resolución do recurso ou, se é o caso, ata que a Audiencia Provincial ou a Audiencia Nacional se pronuncie sobre a suspensión.

Os recursos de apelación a que se refire o parágrafo anterior tramitaranse con carácter preferente e urgente.»

Dous. O actual punto 5 da disposición adicional quinta pasará a se-lo punto 6.

**Artigo terceiro.** *Modificación da Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria.*

Introdúcense dous novos puntos, o 5 e o 6, no artigo 72 da Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, coa seguinte redacción:

«5. A clasificación ou progresión ó terceiro grao de tratamento requirirá, ademais dos requisitos previstos polo Código penal, que o penado satisfíxese a responsabilidade civil derivada do delito, considerando para tales efectos a conducta efectivamente observada orientada a restituí-lo subtraído, repara-lo dano e indemniza-los prexuízos materiais e morais; as condicións persoais e patrimoniais do culpable, para efectos de valora-la súa capacidade real, presente e futura para satisfice-la responsabilidade civil que lle corresponda; as garantías que permitan asegura-la satisfacción futura; a estimación do enriquecemento que o culpable obtivese pola comisión do delito e, se é o caso, o dano ou entorpecemento producido ó servizo público, así como a natureza dos danos e perdas causados polo delito, o número de prexudicados e a súa condición.

Singularmente, aplicarase esta norma cando o interno fose condenado pola comisión dalgún dos seguintes delitos:

- a) Delictos contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica que revestisen notoria gravidade e prexudicasen unha xeneralidade de persoas.
- b) Delictos contra os dereitos dos traballadores.
- c) Delictos contra a Facenda Pública e contra a Seguridade Social.
- d) Delictos contra a Administración pública comprendidos nos capítulos V ó IX do título XIX do libro II do Código penal.

6. Do mesmo modo, a clasificación ou progresión ó terceiro grao de tratamento penitenciario de persoas condenadas por delitos de terrorismo da sección segunda do capítulo V do título XXII do libro II do Código penal ou cometidos no seo de organizacións criminais, requirirá, ademais dos requisitos previstos polo Código penal e a satisfacción da responsabilidade civil coas súas rendas e patrimonio presentes e futuros nos termos do punto anterior, que mostren signos inequívocos de teren abandonado os fins e os medios terroristas, e ademais teñan colaborado activamente coas autoridades, ben para impedi-la produción doutros delitos por parte da banda armada, organización ou grupo terrorista, ben para atenua-los efectos do seu delito, ben para a identificación, captura e procesamento de responsables de delitos terroristas, para obter probas ou para impedi-la actuación ou o desenvolvemento das organizacións ou asociacións ás que teñan pertencido ou coas que teñan colaborado, o que poderá acreditarse mediante unha declaración expresa de repudio das súas actividades delictivas e de abandono da violencia e unha petición expresa de perdón ás vítimas do seu delito, así como polos informes técnicos que acrediten que o preso está realmente desvinculado da organización terrorista e do contorno e actividades de asociacións e colectivos ilegais que a rodean e a súa colaboración coas autoridades.»

**Artigo cuarto.** *Modificación da Lei de axuizamento criminal.*

Dáselle unha nova redacción e introdúcese un novo punto no artigo 989 da Lei de axuizamento criminal, que queda coa seguinte redacción:

«1. Os pronunciamentos sobre responsabilidade civil serán susceptibles de execución provisional conforme o disposto na Lei de axuizamento civil.

2. Para efectos de executa-la responsabilidade civil derivada do delito ou falta e sen prexuízo da aplicación das disposicións da Lei de axuizamento civil, os xuíces ou tribunais poderanlle encomendar á Axencia Estatal de Administración Tributaria ou, se é o caso, ós organismos tributarios das facendas forais as actuacións de investigación patrimonial necesarias para pór de manifesto as rendas e o patrimonio presente e os que vaia adquirindo o condenado mentres non satisfaga a responsabilidade civil determinada en sentenza.»

**Disposición transitoria única.**

O disposto, conforme esta lei, nos artigos 90 e 93.2 do Código penal, respecto ás circunstancias para acceder á concesión da liberdade condicional, e no artigo 72.5 e 6 da Lei orgánica xeral penitenciaria respecto á clasificación ou progresión ó terceiro grao de tratamento penitenciario, será aplicable ás decisións que se adopten sobre as devanditas materias desde a súa entrada en vigor, con independencia do momento de comisión dos feitos delictivos ou da data da resolución en virtude da cal se estea cumprindo a pena.

**Disposición derradeira primeira.** *Natureza desta lei.*

Esta lei ten carácter de lei orgánica, salvo o artigo cuarto, que modifica a Lei de axuizamento criminal.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 30 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**13026** *REAL DECRETO 828/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen os aspectos educativos básicos da educación preescolar. («BOE» 156, do 1-7-2003.)*

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, determina no seu artigo 10 que a educación preescolar ten como finalidade a atención educativa e asistencial á primeira infancia. No mesmo